

información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
 Dicionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd
 Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
 Compilación da obra lírica dos poetas más relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
 Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
 Amplia colección de audio e videopoemas: www.palabrvirtual.com
 Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
 Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
 Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
 Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complec.htm>
 Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>
 Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>
 Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
 Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
 Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
 Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
 Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
 Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>
 Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
 Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de dúas partes: comentario de texto e cuestionario tipo test. O comentario de texto avalía especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita, e o test recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 6º de Primaria. Así mesmo, realizaranse probas de velocidade lectora e lectura en voz alta para avaliar o nivel de lectura do alumnado.

Por outro lado, o alumnado terá que elaborar un texto narrativo ou descriptivo para valorar o seu nivel de expresión escrita facendo fincapé en aspectos como a ortografía, a puntuación e a acentuación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	20	10	10	10	10	10	100
Proba escrita	45	25	40	65	30	40	35	40	60	44
Táboa de indicadores	55	75	60	35	70	60	65	60	40	56

Criterios de cualificación:

Manexaremos os seguintes criterios de cualificación:

1. Realizarase un mínimo dunha proba específica de resolución de exercicios, de interpretación de datos e de

demostración de adquisición de contidos por evaluación procurando o reparto da materia e intentando facilitar a tarefa do alumnado. Porén, e partindo destes mínimos, cada profesora realizará o número e o tipo de probas que considere oportunos para a correcta evaluación dos seus alumnos e alumnas.

2. Realizaranse controis dos libros de lectura establecidos para os distintos niveis. As lecturas complementarias e voluntarias computarán en positivo sempre que se levan a cabo por parte do alumnado. O tipo de procedemento e instrumentos para a súa evaluación serán determinados pola profesora que imparte docencia nese grupo.

3. Levarase un seguimiento continuado sobre todos os aspectos relacionados con actitude, interese, esforzo e constancia. A evaluación deste apartado concretízase nos seguintes procedementos e instrumentos:

a) A atención, o esforzo e a participación diaria na aula avaliaranse a través da observación sistemática por parte da profesora. Esta observación sistemática tamén atinxirá a aspectos como a actitude cara á materia (curiosidade, creatividade e constancia) a actitude na aula ou o respecto cara aos compañeiros/as e cara ao profesor/a.

b) A análise dos traballos de investigación e creación que se realicen, tanto individuais como en grupo, dentro ou fóra da aula. Analizaranse tamén aspectos como o uso adecuado das distintas fontes de información ou a puntualidade na entrega das tarefas.

c) A corrección expresiva, escrita e oral e a pulcritude na presentación dos traballos e probas escritas tamén se analizarán e penalizaranse as faltas de ortografía, así como o uso incorrecto dos signos de acentuación e de puntuación.

Así, a evaluación terá en conta os seguintes criterios:

a) Os exames escritos, que incidirán, fundamentalmente, na comprensión textual e na correcta elaboración de ditados puntuarán un 40% da nota total.

b) O exame de comprensión oral puntuará un 20% da nota total.

c) A elaboración dunha exposición puntuará un 20% da nota total.

d) As lectura libres de obras da literatura española, universal ou xuvenil levaranse a cabo a través da lectura dunha obra como mínimo por evaluación que puntuará un 10% da nota total. Queda a criterio da profesora o tipo de seguimento que se realice con cada obra para verificar que esta foi lida e que o alumnado traballou sobre ela: no caso deste curso consistirá nunha ficha de lectura de creación de diferentes aspectos a partir da lectura persoal realizada polo alumnado.

e) As tarefas e exercicios que se esixan tanto para a súa realización na aula como na casa puntuarán o 10% da nota total. En cada momento a profesora indicará se se trata de tarefas e exercicios de obrigado cumprimento, o que implica que, de non ser entregados, computarán en negativo; ou se teñen carácter voluntario, o que implica que contribuirían a subir nota. A non entrega de catro tarefas obligatorias suporá non obter puntuación neste apartado.

Aspectos de ortografía, expresión e coherencia e cohesión do texto así como de acentuación e puntuación serán especialmente tidos en conta de xeito que as incorreccións que afecten a estas materias incidirán negativamente no resultado final da evaluación. Neste sentido, nestes dous cursos restarase 0.15 décimas por cada falta de ortografía ou acentuación chegando a poder restarse mesmo 0.5 décimas se a falta se comete en palabras de uso moi habitual. Os errores de expresión tamén restarán 0.5 décimas. Por último, os fragmentos incomprensibles en calquera exame ou tarefa non se avaliarán.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

1.- Ter evaluación positiva nas tres evaluaciones.

2.- Ter unha media entre as tres evaluaciones, aplicando o redondeo, igual ou superior a 5. A cualificación final obtense a partir da observación do progreso do alumnado en cada proba das realizadas por evaluación.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

Á súa vez, o alumnado coa materia superada ao longo do curso ainda pode mellorar a súa cualificación en caso de se presentar tamén a esta proba final para intentar subir nota.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e evaluación das materias pendentes

Non procede neste curso.

